

DEPARTAMENTO DE

EDUCACIÓN FÍSICA

PROGRAMACIÓN ANUAL

2º e 4º ESO

IES Val do Tea

(Pontareas)

Curso: 2022/2023

ÍNDICE DE CONTIDOS		PÁX
1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN		6
2.- ESTUDIO DO CENTRO E DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA		8
	2.1.- ASPECTOS SOCIOAMBIENTAIS	8
	2.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	8
	2.3.- DESCRICIÓN DO DEPARTAMENTO	9
	2.4.- ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAL	9
	2.5.- DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO NOS DIFERENTES CURSOS	9
	2.6.- MATERIAL DIDÁCTICO PARA A MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA	10
	2.7.- POSIBILIDADES DO PROFESOR EN FUNCIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS E INSTALACIÓNS	10

2.8.- CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS	11
2.9.- PRANTEXAMENTOS EDUCATIVOS DO CENTRO	11
2.10.- PRESUPOSTO ECONÓMICO DO DEPARTAMENTO	11
3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	12
4.- A EDUCACIÓN FÍSICA NOS DISTINTOS NIVEIS DA ESO E DO BACHARELATO	18
4.1- OBXECTIVOS PARA A ESO	18
5.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º DE ESO	20
6.- CONCRECIÓN PARA 2º DE ESO PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	20
7.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA PARA 2º ESO.	20
8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR PARA 2º ESO.	20

9.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNO PARA 2º ESO	32
20.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 4º DE ESO	35
21.- CONCRECIÓN PARA 4º DE ESO PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	35
22.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA PARA 4º ESO.	35
23.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR PARA 4º ESO.	35
24.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNO PARA 4º ESO	48
30.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	50
31.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	52
32.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	55
33.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	57

34.- ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DUNHA SITUACIÓN SANITARIA QUE LEVE A DESENVOLVER A ACTIVIDADE LECTIVA DE XEITO SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL	61
35.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN	62
36.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.	65
37.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	65

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Este documento, ten como finalidade servir de guía para entender o desenvolvemento do labor docente do departamento de Educación Física no IES Val do Tea durante o presente curso académico sen que isto signifique de ningunha maneira que tódolos alumnos da educación secundaria obrigatoria deste centro, teñan que realizar as mesmas actividades de ensinanza aprendizaxe para acadar os obxectivos inicialmente prantexados ao ser evidentes as súas diferenzas de partida.

Neste intre compre mencionar que todo este documento estará enmarcado dentro da lexislación vixente en materia educativa definida pola Consellería de Educación:

Como resulta evidente, a programación de calquera área ou materia farase atendendo ás condicións iniciais, características do centro, aspectos socioambientais, características dos alumnos, polo cal e como preámbulo sinalaremos a citada descentralización da tarefa docente. Despois dunha visión xenérica sobre ditos aspectos, con obxecto de obter un claro marco de referencia para enclavar a nosa labor docente, seranos máis doado poder desenvolver do mellor xeito posible os obxectivos educativos referidos ós cinco grandes tipos de capacidades humanas: as de tipo cognitivo ou intelectuais; as motrices; as de equilibrio persoal ou afectivas; as de relación interpersoal e as de actuación e inserción social.

É neste punto, cando faremos mención dunha das maiores finalidades a lograr polo sistema educativo, que non é outra que o permitir o desenvolvemento da personalidade do individuo, para conseguir un mellor axuste da súa conduta ás diferentes situacións utilitarias, lúdicas, ou estéticas que se atopan no individuo.

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas acaden a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora

A Educación Física, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico deportivas e artístico expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

A Educación Física, dentro desta busca da participación autónoma do ser humano, ten como papel fundamental o de ensinar ao alumno a empregar o seu corpo correctamente en cada unha das situacións anteriormente citadas, tendo en conta o desenvolvemento global da persoa.

Podemos dicir tamén, que no desenrolo do proceso de ensinanza aprendizaxe é interesante ter en conta os seguintes criterios xerais:

A Educación Física debe perseguir, xunto coas restantes áreas ou materias, a formación integral da persoa.

O profesor de Educación Física é ante todo un educador, que empregará o movemento coma un medio educativo e non coma un fin en si mesmo.

O compoñente fundamental da experimentación motriz é a práctica de actividades por parte de tódolos alumnos dende unha óptica creativa e de cooperación.

O alumno comprenderá a utilidade de cada unha das actividades que realiza e a súa relación cos obxectivos que se lle propoñan.

Para finalizar esta introdución e referíndonos ó proxecto didáctico deste curso, diremos que a programación da materia de Educación Física distribuirase por cursos.

2.- ESTUDIO DO CENTRO E DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

2.1.- Aspectos socioambientais.

O IES Val do Tea atópase no concello de Pontearreas e acolle a alumnos tanto deste concello como dos veciños de Covelo e Mondariz, onde o nivel socioeconómico xeral é medio, sendo a ocupación principal da poboación o traballo como asalariados, non faltando algúns casos de pequeno empresario das tendas e comercios que poboan a zona.

No tocante a lugares de lecer, este concello está dotado das típicas instalacións deportivas como son campos de fútbol modesto nas distintas parroquias, piscina cuberta e dous pavillóns polideportivos municipais e diferentes pistas de tenis e pádel, con xestión cedida a una empresa privada. Conta así mesmo a vila, cunha serie de lugares culturais coma biblioteca, casa de cultura, auditorio, conservatorio o que sen dúbida axuda a enriquecer a vida desta comarca.

2.2.- Características do centro

Localización.

Situado, no centro da vila de Pontearreas, concello que conta cunha poboación aproximada de 24000 habitantes. A vila conta con outros 2 centros de ensinanza secundaria (un deles con bacharelato) e cun centro de ensinanzas de formación agraria.

Clase de edificio.

O edificio data de mediados dos anos oitenta do século vinte, con características propias dese momento, estando situadas as instalacións deportivas nunha nova reforma feita na primeira década deste século.

2.3.- Descrición do departamento

Dispoñemos dunha sala ou ximnasio para a práctica da educación física cos seus vestiarios. Dicur que a calor interior desta instalación nos días soleados, motivada por unha pésima construción, fai difícil o traballo na mesma. No curso 2015/2016 diminuíuse un pouco esta problemática colocando unhas cortinas nalgunhas das cristaleiras.

Dispoñemos tamén, de dúas pistas exteriores polideportivas descubertas, recentemente recuperadas.

Nestas pistas exteriores temos un espazo adicado a campo de balonmán, con medidas inferiores ás marcada regulamentariamente, e noutro baloncesto.

2.4.- Estrutura orgánica e funcional

O departamento de E.F está formado por M^a. Laura Vieites Castro e Fernando Rama González, que exerce as funcións de xefe de departamento, e ao mesmo tempo, formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

2.5.- Distribución do profesorado nos diferentes cursos.

PROFESORADO	CURSO
M ^a . Laura Vieites Castro (Titora 2º ESO)	1º ESO 2º ESO 3º ESO
Fernando Rama González (XD e Titor 1º de Bach)	4º ESO 1º BAC 2º BAC (Xadrez)

2.6.- Material didáctico para a materia de Educación Física.

Os recursos didácticos dos que dispón o departamento son os seguintes:

Convencional:

- Ximnasio, pista exterior polideportiva, salón de actos, espazos abertos do instituto.
- Material deportivo diverso (Balóns, esterillas, compás, raquetas, etc.)
- Material de dotación da consellería propio da materia.
- Apuntes do profesorado, libros artigos...

Non convencional:

- Equipos de música.

2.7.- Posibilidades do profesor en función dos medios instrumentais e instalacións.

O ximnasio do que se dispón para a práctica da educación física faise pequeno no momento de contar con grupos numerosos, o que dificulta o poder traballar con máis profundidade algún dos contidos propios do currículo.

Este curso engádese a particularidade de que coinciden dúas sesións de clase con diferentes grupos, sendo necesaria a rotación de espazos interiores-exteriores entre o profesorado para poder levar a cabo a sesión, repercutindo negativamente no desenvolvemento das mesmas nos días en que as condicións meteorolóxicas non permiten a utilización dos espazos exteriores.

É de destacar o mal estado das pistas descubertas coas que contamos e que levan moitos anos sen un tratamento correcto da superficie de xogo, o cal fai moi complexo o traballo diario. Tamén seguimos solicitando que se cubra algunha das pistas exteriores para así dispor de espazo útil para a práctica deportiva.

2.8.- Características dos alumnos.

Non atopamos ningún aspecto destacable nos alumnos, salvo os típicos cambios a nivel físico e biolóxico que se producen nestas idades.

A franxa de idade do alumnado sitúase entre os 12-18 anos, como corresponde nas situacións habituais nos centros de ensinanza secundaria e bacharelato.

A primeira etapa sitúase entre os 12-15 anos; nesta franxa de idade os alumnos están sufrindo uns cambios biolóxicos que influirán de forma determinante na súa maneira de actuar e de relacionarse cos demais. Tamén destacamos o cambio que se produce ao pasar do colexio ao instituto.

Entre os 15-18 anos tratan de identificarse de novo co seu propio corpo e establecen outro tipo de vínculos e relacións coas persoas da súa mesma idade.

2.9.- Prantexamentos educativos no centro.

Ideario, principios de actuación.

O ideario do centro ven marcado pola administración, e recollido na serie de documentos que conforman o Proxecto Educativo de Centro e o Proxecto Curricular de Centro.

En canto ós principios de actuación veñen recollidos no NORF.

2.10.- Presuposto económico do centro.

A distribución e control dos presupostos corren a cargo do secretario. Este repártese en distintas partidas, entre as que loxicamente atópanse as dos departamentos, destacando o reducidos dos montantes que corresponden a cada un deles, e neste caso o departamento de educación física disporá duns 250 Euros, aínda que son ampliáveis segundo necesidades puntuais.

3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Estas poden considerarse como aquelas aprendizaxes, imprescindibles dende un prantexamento integrador, orientadas á aplicación dos saberes adquiridos a múltiples situacións e contextos, escolares e vitais dos alumnos. Aprendizaxes que deben acadar estes ó remate das etapas educativas, para a súa realización persoal, para exercer a cidadanía activa, incorporarse axeitadamente á vida adulta, e para ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo de toda a vida. Establecese ademais que todas as materias deben contribuír o desenvolvemento e consolidación destas competencias, posto que isto só será posible dende un tratamento multidisciplinar e transversal das mesmas. Na materia de Educación Física estas competencias se articulan, desenvolven e operativizan, a través da **“competencia motriz”**. Competencia clave, fundamental e integradora, de todas as demais, na nosa materia.

Por outra banda, dende unha perspectiva profesional, estas competencias, xunto cós criterios de avaliación, e as metas e finalidades, constituirán os referentes fundamentais para a **avaliación formativa** do alumnado.

A organización da contribución da área de E. Física á consecución destas competencias , artículase do seguinte xeito:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

1. Ofrecendo ó alumnado unha variedade de intercambios comunicativos e enriquecendo a capacidade comunicativa por diferentes linguaxes
2. Ampliando a súa bagaxe lingüística con expresións, conceptos, e vocabulario, específicos da materia.
3. Dende a contribución ao plan lector do centro (“hora de lectura”), ou de fomento da lectura, con materiais e contidos específicos para a nosa materia.

- | |
|--|
| 4. Potenciando nas sesións a comunicación horizontal e aberta, favorecendo a expresión, oral e escrita, de puntos de vista persoais, en debates, na negociación de proxectos e unidades didácticas, etc... |
|--|

COMPETENCIA MATEMÁTICA, E COMPETENCIA CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA (CMCCT)

1. Traballo e control, na dimensión cuantitativa no espazo e no tempo; nas distancias e traxectorias, nas dimensións, nas duracións dos acontecementos, nos ritmos, no control das pulsacións, no propio corpo
2. Dende a utilización subsidiaria de múltiples cálculos matemáticos, con fins específicos da nosa materia
3. Propiciando aprendizaxes para afrontar e superar múltiples retos e problemas motores, en múltiples situacións e contextos
4. Tratamento da saúde non só como a promoción de hábitos saudables, e como prevención; sino tamén como a esixencia dun continuo axuste corporal ás condicións do entorno, e ós seus cambios
5. Organización e adaptación da práctica da actividade física ó noso entorno, natural e escolar
6. Fomentando un enfoque educativo e ecolóxico, nas actividades físicas e deportivas que practicamos no medio natural.
7. Garantindo a seguridade nestas actividades no medio natural, a través do coñecemento das técnicas e procedementos, riscos a controlar, elementos materiais a empregar,...
8. Promovendo a autonomía dos alumnos para o propio mantemento e mellora da súa condición física
9. Formación no uso axeitado da tecnoloxía dispoñible no campo da actividade física e o deporte.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

<p>1. Promovendo e orientando as aprendizaxes para a busca, o acceso, a selección, o tratamento, e a comunicación da información, tanto nas NTIC, como nos medios clásicos. Situando ós alumnos en posición de comunicadores críticos, e non simplemente receptores das novas tecnoloxías.</p>
<p>2. Na formación dos alumnos no tratamento e edición de “<i>documentos multimedia</i>” nas tarefas da materia.</p>
<p>3. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a Sociedade da Información e da comunicación.</p>

COMPETENCIAS SOCIÁIS E CÍVICAS (CSC)

1. Artellando a actividade física como facilitadora da integración, o respecto, a cooperación, a participación, o interese, a igualdade e a non discriminación, e o traballo en equipo
2. Orientando as propostas e o desenvolvemento curriculares, e a súa práctica, co enfoque educativo proposto, centrado en “proxectos comúns, negociados e compartidos, e co-xestionados, seguindo as pautas, normas, e valores democráticos, e os valores deportivos recoñecidos
3. Formación para: “aprender a ser”, “aprender a pensar”, “aprender a facer”, “aprender a convivir”, e en definitiva, “aprender a aprender”, como tratamento transversal a todas as actividades da “aula de E. F.”
4. Empregando a sesión de E. F. como un espazo de socialización onde traballar valores, principios, dereitos e deberes, responsabilidades, iniciativas, e a resolución dialogado dos conflitos.
5. Contribuíndo ó dereito cidadán á saúde, como promoción da actividade física, versus a inactividade; como factor de prevención; e como formación de hábitos saudables duradeiros para toda a vida.
6. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a realidade social e cultural; tamén, a deportiva e as súas claves actuais.

COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURÁIS (CCEC)

1. Comprensión da actividade física e deportiva como parte dunha cultura e contexto concretos; como resultado dun proceso histórico e cultural que se nos lega como <i>patrimonio de todos</i> , e que é necesario coñecer, analizar criticamente, e preservar ou mellorar/modificar
2. Actitude aberta e crítica, ante o deporte como <i>espectáculo</i>
3. Propiciar unha perspectiva intercultural da E.F., que valore a riqueza da diversidade cultural
4. Uso da actividade físico-deportiva, como realidade e posibilidade artística-creativa, explorando os recursos expresivos do corpo e o movemento, e valorando os aspectos estéticos das posibilidades e manifestacións da motricidade humana
5. Desenvolvemento específico na materia, das habilidades perceptivas, comunicativas, e creativas
6. Contribución a conservación e transmisión do noso patrimonio artístico e cultural galego (xogos e deportes tradicionais, populares e autóctonos, bailes e danzas,...)

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

1. Aprender a organizarse, e resolver, problemas motores autonomamente
2. Desenvolver habilidades para o traballo e a aprendizaxe en equipo
3. Capacidade de transferencia das aprendizaxes a novos contextos e situacións

4. Enfoque exploratorio e investigador da proposta curricular, trasladado á acción do alumno, nas tarefas teóricas e prácticas da materia
5. Autonomía para a propia <i>planificación</i> física e deportiva, cara a mellora persoal e grupal, configurándose como xestor, e participante activo ao longo de toda a vida
6. Contribución a unha mellor organización, e máis positiva ocupación, do tempo de lecer, e á ampliación das súas posibilidades
7. Axudar ao alumnado a entender a educación persoal e o aprendizaxe, como un proceso continuo ao longo de toda a vida

COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (CSIEE)

1. Modos de interacción social, clima de aula, e principios metodolóxicos que propician a autonomía e as iniciativas, persoais e grupais
2. Formación en “principios de procedemento” para afrontar os retos, e os problemas motores, empregando a planificación e a experimentación, o esforzo, a auto superación, e unha actitude positiva ante a dificultade, e o resultado obtido
3. Importancia decisiva da autoavaliación, e da reflexión persoal e grupal do alumnado sobre a realidade vital da aula de E. F.
4. Converter ó alumnado en protagonista, tamén nos aspectos organizativos das actividades, específicas e complementarias, da materia

4.- A EDUCACIÓN FÍSICA NOS DISTINTOS NIVEIS DA ESO E DO BACHARELATO

4.1- OBXECTIVOS PARA A ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º DE ESO

Ver táboa Nº 1 de Educación Física de 2º de ESO

6.- CONCRECIÓN, PARA 2º DE ESO, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE:

- TEMPORALIZACIÓN. (Ver táboa Nº 1 de Educación Física de 2º de ESO)
- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. (Ver táboa Nº 2 de Educación Física de 2º de ESO)
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. (Ver táboa Nº 2 de Educación Física de 2º de ESO)

7.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA PARA 2º ESO.

Ver táboa Nº 1 de Educación Física de 2º de ESO

8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR PARA 2º ESO

Os recursos didácticos dos que dispón o departamento son os seguintes:

Convencional:

- Ximnasio, pista exterior polideportiva, salón de actos, espazos abertos do instituto.
- Material deportivo diverso (Balóns, compás, pulsímetros ...)
- Material de dotación da consellería propio da materia.
- Apuntes do profesorado, libros artigos...

Non convencional:

- Equipos de música.

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física							
b m g	B1.1. B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice. B1.2. Selección e xecución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión.	B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	CSC CMCCT	- Quecemento - Volta á Calma - Mobilidade articular - Carreira Continua - Estiramientos - Ducha	Todo o Curso	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	CSC CAA			
			EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	CSC			
m n a b c d j g	B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas, como fenómeno social e cultural. B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.	B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.	EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	CSC	Actividades e xogos deportivos - B1c - V1b - B1m - Tenis Mesa - Atletismo - Activ. Ximnásticas - Bádminton - Hóckey	Todo o Curso	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Asignación de tarefas - Programa individualizado
			EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC			
			EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	CSC			
m a c	B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.	B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.	CSC	Sendeirismo Cabueria	Todo o Curso	- Descubrimento guiado - Asignación de

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
d g l ñ	B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.		EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	CSC			Tarefas - Mando Directo
			EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	CSC			
m n g	B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas baseada na análise previa das características destas. B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	CSC CSIEE	- Primeiros Auxilios básicos	Todo o Curso	- Descubrimento guiado - Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable	CSIEE			
h i g e b m ñ o	B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL	- Procura de información deportiva.	Todo o Curso	- Descubrimento guiado - Asignación de Tarefas - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB1.5.2. Expón e defende traballos	CAA			

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
			elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	CCL			
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas							
n m b g l d ñ	B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual. B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.	B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	CCEC	- Danzas - Expresión corporal	2º e 3º Trimestre	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca
			EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	CCEC			
			EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adoptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CCEC			
			EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	CCEC			
Bloque 3. Actividade física e saúde							
m f b g	B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. B3.3. Capacidade de adaptación do	B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicarlos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	CMCCT	Ejercicios e xogos de: - Forza - Resistencia - Velocidade - Flexibilidade Probos de	1º Trimestre	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	CMCCT			

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
	<p>organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.</p> <p>B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.</p> <p>B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.</p> <p>B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.</p>		<p>EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.</p> <p>EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.</p> <p>EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.</p> <p>EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT CSC</p>	valoración funcional		
m g f b	<p>B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.</p> <p>B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.</p> <p>B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.</p> <p>B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.</p>	B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.	<p>EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p> <p>EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</p> <p>EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p> <p>EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora</p>	<p>CAA</p> <p>CAA</p> <p>CAA CSIEE</p> <p>CAA</p>	<p>Exercicios e xogos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Forza - Resistencia - Velocidade - Flexibilidade <p>Probas de valoración funcional</p>	1º Trimestre	<p>Tarefas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mando Directo - Programa individualizado

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
			da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.				
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas							
a b g m	B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos.	B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE	- B1c - V1b - B1m - Hóckey - Bádminton - Act. gimnásticas	2º e 3º Trimestre	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	CAA CSIEE			
			EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	CSIEE	- B1c - V1b - B1m - Hóckey - Bádminton - Act. Gimnásticas - Xogos e deportes alternativos	2º e 3º Trimestre	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa individualizado
			EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	CAA CSIEE			
			EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación. Regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	CAA CSIEE			
a b d g m	B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos. B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes	B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	CAA CSIEE	- B1c - V1b - B1m - Hóckey - Bádminton - Xogos e deportes	3º Trimestre	- Asignación de Tarefas - Mando Directo - Ensinanza Recíproca - Programa
			EFB4.2.2. Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de	CAA CSIEE			

Táboa nº 1

Educación Física. 2º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades	Temporalización	Metodoloxía
	colectivos.		organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.		alternativos		individualizado
			EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	CAA CSIEE			
			EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	CAA CSIEE			

Táboa nº 2 de Educación Física de 2º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro mínimos para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación			
		As porcentaxes aparecen no seguinte punto (13)			
		Proba teórica	Traballo bibliográfico/TIC	Observación actitudes	Observación e Proba practica
	Cóñece os obxectivos do quecemento	x	x	x	x

	Diferencia entre quecemento xeral e específico	x	X	x	x
EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	Recoñece a importancia dos estiramientos e é capaz de realizalos con seguridade.	x	X	x	x
	Recoñece a importancia dos estiramientos e é capaz de realiza- los con seguridade	x	X	x	x
	Sabe o que son os estiramientos, e poñer dous exemplos	x	X	x	x
EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	Recoñece as capacidades físicas predominantes en cada actividade			X	X
EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	Participa en actividades voluntarias de carácter físico-deportivo			X	X
EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	Coñece os métodos de adestramento das capacidades físicas			X	X
EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	Supera os test de condición física			X	X
EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	Realiza fluidamente as habilidades técnicas traballadas na clase, priorizando a súa seguridade.			X	X
EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	Realiza fluidamente as habilidades técnicas traballadas na clase dentro do contexto de xogo.			X	X
EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Non amosa actitudes temerarias ante situacións comprometidas no medio.			X	X
EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	Amosa capacidade de anticipación no xogo ante adversarios.			X	X

EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	Amosa comportamentos estratéxicos no xogo colectivo			X	X
EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	Amosa actitudes estratéxicas nos xogos e deportes colectivos, participando tanto en defensa como en ataque.			X	X
EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	Amosa variabilidade e busca alternativas ante os problemas.			X	X
EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	Recoñece os puntos clave para tomar decisións na práctica			X	X
EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	Amosa adaptabilidade ante situacións cambiantes no medio natural			X	X
EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	Coñece o impacto ambiental ocasionado na práctica de algunhas actividades físicas no medio natural			X	X
EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.	Coñece os beneficios das actividades no medio natural			X	X
EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Non leva acabo accións prexudiciais para o medio.			X	X

14.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNO PARA 4º ESO

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Educación Física. 4º de ESO				
Momentos	Procedementos de Avaliación	Criterios de Cualificación	Instrumentos de Avaliación	Criterios de Corrección e Puntuación
3 Avaliacións (Decembro, marzo - abril, xuño)	- Realización dun exame tipo test, que constará de 10 preguntas con catro respostas cada unha, e na que só unha das respostas será a correcta. - Asistencia "activa" a clase, co material axeitado.	Cada pregunta respostada correctamente puntuará un punto. Máximo 10 puntos en total. Para aprobar debemos ter 5 preguntas correctas. 6 será un ben, 7 ou 8 un notable e 9 ou 10 un sobresáinte. Desconto de 0,5 puntos por cada clase na que, sen xustificación, non se participe de xeito activo.	Exame Teórico tipo test	Cada pregunta respostada correctamente puntuará un punto. Máximo 10 puntos en total. Non se descontarán puntos por resposta incorrecta.
	- Realización de traballos para alumnos que non asistan á parte práctica.	Deberá ter un contido correcto e estar formalmente ben presentado e redactado. Para a superación do mesmo, deberá ser cualificado con 5 sobre 10 puntos posibles.	Traballo escrito	Traballo con contidos correctos e formalmente ben presentado: Con portada, índice e paxinado, introdución, desenrolo e conclusión, bibliografía e extensión mínima de 20 folios con tipografía a 12
Avaliación Ordinaria de xuño	A nota final da avaliación ordinaria será o Sumatorio das notas das tres avaliacións anteriormente citadas, dividido entre tres.	Despois de sumar e dividir entre 3 as tres avaliacións, obteremos un número que sendo inferior a 5 será suspenso, 5 un suficiente, 6 un ben, 7 ou 8 notable e 9 ou 10 sobresáinte.	Suma das notas dos exames tipo test das 3 avaliacións e divididos entre tres	A puntuación será a nota resultante da operación descrita anteriormente.

Criterios sobre a avaliación e cualificación 4º ESO	
1ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación: Resultado do exame tipo test con 10 preguntas e 4 respostas na que soamente una de elas é a correcta. Cada resposta correcta suma 1 punto e as preguntas non respostadas ou incorrectamente respostadas non restan puntos. Puntuación de 0 a 10 puntos.</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación: Repetición do exame tipo test citado anteriormente.</p>
2ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación: Resultado do exame tipo test con 10 preguntas e 4 respostas na que soamente una de elas é a correcta. Cada resposta correcta suma 1 punto e as preguntas non respostadas ou incorrectamente respostadas non restan puntos. Puntuación de 0 a 10 puntos.</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación: Repetición do exame tipo test citado anteriormente.</p>
3ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación: Resultado do exame tipo test con 10 preguntas e 4 respostas na que soamente una de elas é a correcta. Cada resposta correcta suma 1 punto e as preguntas non respostadas ou incorrectamente respostadas non restan puntos. Puntuación de 0 a 10 puntos.</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: Repetición do exame tipo test citado anteriormente.</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: Suma da nota das tres avaliacións parciais dividido entre tres.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Suma das respostas correctas do exame tipo test coas características detalladas deseguida.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Resultado do exame tipo test con 10 preguntas e 4 respostas na que soamente una de elas é a correcta. Cada resposta correcta suma 1 punto e as preguntas non respostadas ou incorrectamente respostadas non restan puntos. Puntuación de 0 a 10 puntos</p>
Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final en 2º ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)	
Metodoloxía	Seguiremos coa metodoloxía ordinaria, prestando atención individualizada aos alumnos que precisen apoio, reforzo, recuperación, ampliación da materia ou mesmo titoría de ser o caso.
Actividades tipo	As actividades serán individualizadas en función das necesidades de cada alumno, segundo precisen apoio, reforzo, recuperación, ampliación ou mesmo titoría de ser o caso.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos serán os específicos da materia de E.F que a consellería de educación e neste caso o IES Val do Tea teñen a disposición do profesorado de E.F para dar apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría aos nosos alumnos.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final en 4º ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)	
Metodoloxía	Seguiremos coa metodoloxía ordinaria, prestando atención individualizada aos alumnos que precisen apoio, reforzo, recuperación, ampliación da materia ou mesmo titoría de ser o caso.
Actividades tipo	As actividades serán individualizadas en función das necesidades de cada alumno, segundo precisen apoio, reforzo, recuperación, ampliación ou mesmo titoría de ser o caso.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos serán os específicos da materia de E.F que a consellería de educación e neste caso o IES Val do Tea teñen a disposición do profesorado de E.F para dar apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría aos nosos alumnos

15.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

16.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Os alumnos terán dereito a unha avaliación ordinaria no mes de xuño.

O plan de traballo exixible na área de educación física será o seguinte:

A: ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN: Aquelas destinadas a recuperación de algunha avaliación suspensa a través dunha proba teórica e/ou práctica en relación cos contidos levados a cabo ao longo do trimestre.

Queremos especificar neste apartado que as actividades de recuperación para o alumnado lévanse a cabo ao longo do curso dunha forma continua.

B: ACTIVIDADES DE REFORZO: Indicadas para ó alumnado que presente dificultades na asimilación dos contidos tratados ao longo do proceso de aprendizaxe.

C: ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DO CURSO: levaranse a cabo en setembro onde o alumnado que non superou con suficiencia en xuño deberá recuperar a asignatura a través das probas oportunas estipuladas polo profesorado.

D: ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN COA ASIGNATURA PENDENTE:

Para o alumnado coa asignatura pendente establécese o seguinte proceso para a recuperación:

- Superar os dous primeiros trimestres da asignatura do curso no que se atope (se un alumno ten pendente EF de 3º de ESO, deberá superar os dous primeiros trimestres correspondentes a 4º da ESO).

- Presentar un traballo que o/a profesor/a lle indicará.

- No caso de non cumprir estes requisitos o alumnado poderá facer no seu defecto unha proba final e definitiva, que se fará no mes de Maio.

MATERIAS PENDENTES.

Artigo 23. Promoción do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

4. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

5. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

6. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

7. Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Visto o artigo anterior, e esperando que se establezan por parte da Consellería de Educación tanto o Plan específico personalizado e as medidas de reforzo educativo, para alumnos repetidores, establecemos:

Programas específicos personalizados para o alumno repetidor na ESO.

Á espera das ordes da Consellería de educación, os alumnos repetidores, deberán seguir o currículo marcado na lexislación vixente, coas correspondentes adaptacións que se farán en función das necesidades dos alumnos.

Plans de traballo para superación de materias pendentes na ESO.

O plan de traballo exixible na área de educación física será o seguinte:

Os obxectivos e contidos seguirán a ser os propios do curso que se teña pendente.

Neste momento e debido á progresividade da área de educación física, o superar un curso posterior, quedará aprobado o anterior, sempre tendo en conta que o alumno presentará un traballo escrito, que deberá ser avaliado positivamente.

O alumno terá dereito a un exame na convocatoria ordinaria.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación da materias pendentes en convocatoria ordinaria.

Para a AVALIACIÓN ORDINARIA:

Como **instrumentos** de avaliación empregaremos: - O traballo escrito
- Exame tipo Test

Como **Criterios de Cualificación**: - O Traballo escrito será dun tema establecido pola xefa do departamento e relacionado coas actividades realizadas polo alumno, dentro da área de educación física. Virá cunha portada, índice, paxinado, con introdución, desenrolo, conclusións,

bibliografía e será presentado impreso, cunha extensión mínima de 15 folios, 20 folios ou 25 folios, para alumnos pendentes de 1º, 2º ou 3º de ESO respectivamente.

Será presentado no prazo acordado entre alumnos e profesores, nunca máis tarde do mes de abril de cada curso académico.

- O Exame tipo test terá 10 preguntas, con catro respostas das que unicamente será válida unha. As respostas incorrectas non restan puntos. Cada resposta correcta puntúa 1 punto e para superar o exame é necesario acadar 5 puntos.

17.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Temporalización: Levarase a cabo nas primeiras semanas de clase unha **avaliación inicial** para comprobar determinados aspectos como: axilidade, coordinación, habilidades técnico-tácticas dos deportes de equipo, dinámica de comportamento na sesión, grao de cohesión do grupo, coeducación... etc.




Procedementos: Farase un test inicial de valoración da condición física.




Instrumentos: Test que vemos na seguinte táboa, que forma parte da ficha individual de cada alumno.

Criterios de Cualificación: Os que aparecen na táboa situada na páxina seguinte. Unha vez temos os resultados de tódolos alumnos do curso (dos 100 alumnos de 2º ESO por exemplo) eliminaremos os dous mellores e os dous peores resultados e faremos una media das marcas de cada proba e valoramos en función das mesmas.

Medidas Individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados: Coñecidos e analizados os resultados, faranse pequenos cambios non significativos na programación xeral para tratar de adaptarse as características do grupo clase. De ser o caso, farase algunha adaptación curricular si algunha individualidade así o exige.

Os test de condición física utilizaranse tamén como instrumento de avaliación, tendo en conta as táboas expostas no ximnasio, onde se indican os baremos correspondentes para acadar as notas das probas prácticas da avaliación.

AVALIACIÓN INICIAL		Cualificación:		
Apelidos e Nome:		Curso e Grupo:		
Talla (Cm.):	Peso (Kg.):			
	Imaxe	Mellorable 30 ao 50%	Aceptable 50 ao 70%	Boa 70 ao 99%
Test Cooper				
Resultado:				
Salto horizontal a pesxuntos				
Resultado:				
Lanzamento Balón medicinal (3 Kg)				
Vte: fuerza br. en barra				
Resultado:				

Abdominais en 1´				
Resultado:				
Velocidade 40 mts lisos Vte: Axilidade 10x5				
Resultado:				
Flexibilidade profunda Vte: flex. en banco sueco				
Resultado:				

18.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un feito recoñecido a diferenza na realidade individual, que por suposto debe ser considerada no proceso de ensinanza – aprendizaxe. Os alumnos son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc, o que implica educar en e para a diversidade.

Nunha mesma aula van a estar xuntos alumnos que presentan dificultade para o aprendizaxe de modos moi diversos e con grandes diferenzas entre eles.

Existen medidas de actuación básicas para calquera centro, como son as adaptacións de acceso, consistentes na eliminación de barreiras arquitectónicas.

Outras posibilidades de actuación son:

- REFORZO EDUCATIVO NA AULA: É unha medida ordinaria sen necesidade de adaptar o currículo. Actuarase sobre a secuenciación, temporalización, avaliación, actividades de ensinanza - aprendizaxe.

- ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN: Para aqueles alumnos que xa acadaron os obxectivos propostos.

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES: Son medidas extraordinarias, para aqueles alumnos que necesiten unha modificación do currículo en canto a obxectivos, contidos, criterios de avaliación para acadar os novos obxectivos que non necesariamente serán os correspondentes ao seu curso. Será necesaria unha avaliación psicopedagóxica e contar co visto bo da inspección.

Outro tipo de alumnado cada vez máis presente nos centros, son os alumnos estranxeiros que poden precisar de este tipo de adaptacións por diferentes motivos (idioma, cultura, costumes sociais, etc.). Neste aspecto pódense formular actividades que lles permitan aportar aspectos da súa cultura, como no contido de danzas do mundo, presentando danzas propias do seu país, ou no contido de xogos e deportes, pódense realizar xogos e deportes propios da súa cultura.

Atención á diversidade

Aínda que na maioría das unidades didácticas hai un apartado detallado sobre aspectos a ter en conta e atención á diversidade, recalcamos que ademais da avaliación inicial inherente a cada unidade, constantemente detectamos alumnado que non son capaces de seguir o ritmo de aprendizaxe do resto dos compañeiros pois teñen un nivel de base máis baixo. Tamén atopamos escolares con nivel superior que deben ser motivados na súa progresión máis rápida polas súas capacidades e experiencia.

Todo elo supón unha adaptación dos medios e metodoloxías de ensinanza, que farán todo o proceso un pouco máis humano.

Deseguido prantexamos diferentes posibilidades a ter en conta:

- No caso do **alumnado lesionado temporalmente** a opción será a realización de traballos teórico - prácticos de busca de información, realización de fichas de traballo e de sesión.

- No caso do **alumnado con lesións crónicas** a opción será unha adaptación curricular contemplando o bagaxe motriz dispoñible e as opcións de traballo co alumnado. Neste caso a nosa opción será tamén reclamar os desdobres necesarios para un traballo serio co alumnado para poder acadar uns niveis óptimos de traballo específico con el.

- No caso do **alumnado con asma, diabetes, problemas de columna ou problemas cardíacos** realizarán actividades adaptadas ás súas posibilidades motrices. Os exercicios que non poidan realizar no plano práctico, serán realizados a través dun traballo en relación coa proba non realizada.
- Os alumnos con dificultades de aprendizaxe nalgunhas fases da materia se lles orientará cara unha práctica sistemática titorizada, co deseño de plans individualizados de traballo que terán que desenrolar extraescolarmente e eventualmente nalgún recreo do que dispoñan e o soliciten ao profesorado.
- En tódolos casos o alumnado terá que traer o seu material e calzado deportivo para estar na instalación salvo casos moi concretos e xustificadas.

Dentro da atención a diversidade consideramos incluír diferentes casos:

A: Aqueles/as alumnos/as que sexa necesario levar a cabo unha **adaptación curricular individualizada (A.C.I)**.

B: Aqueles/as que presenten **problemas aptitudinais** motivado por problemas físicos e/ou psicolóxicos. En base aos informes facilitados por orientación tratamos de implicarlos/as na clase baixo pautas determinadas como pode ser: adaptación dos exercicios, axuda dos compañeiros/as, que se sintan importantes... etc. coa finalidade de que se sintan motivados/as e conseguir así que leven o desenvolvemento da clase sen problema.

C: Aqueles/as que presentan algún tipo de **lesión** que **non sexa puntual**.

Nestes casos formulámonos varias posibilidades:

- Por un lado, que se desvincule o menos posible dos contidos a tratar: axudando na sesión (sempre que sexa posible), dándolle un guión de actividades... etc.
- E a outra posibilidade é que tendo en conta o tipo de lesión ou enfermidade que sufra, facilitarlle un dossier sobre ela para que a coñeza e darlle pautas de actuación a ter en conta para a súa vida.
- Levar a cabo unha avaliación individualizada baseada nas circunstancias persoais.

D: Aqueles/as que por **motivos puntuais** non realizan a parte práctica da clase. Consideramos que en todo momento debemos de proporlle algún tipo de traballo para evitar por un lado que presenten futuras escusas para non realizala clase e por outro lado buscar unha situación de igualdade, xa que o resto dos compañeiros/as están participando activamente.

Neste caso as actividades posibles que se lle poden propor os alumnos/as serían, entre outras:

- Analizar un artigo en relación con algún aspecto da educación física, dalgún periódico... etc.
- Copiar os exercicios e contidos traballados durante a sesión.
- Analizar algún tipo de aspecto en relación cos contidos traballados e o comportamento dos seus compañeiros/as.

E: Falta de asistencia continuada as clases: pode que algún alumno/a non asista as clases, pero segue tendo dereito a ser avaliado. Buscarase a maneira máis xusta para el e o resto dos seus compañeiros na proposta da avaliación.

19.- ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DUNHA SITUACIÓN SANITARIA QUE LEVE A DESENVOLVER A ACTIVIDADE LECTIVA DE XEITO SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

Non presencial:

Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Adaptaranse os contidos que nese momento sexan os que se están a desenvolver segundo están recollidos na temporalización da programación didáctica.</p> <p>Realización diaria da actividade física proposta, na medida do posible e das posibilidades de cada alumno confinado, aos espazos dos que dispoña.</p> <p>Realización de traballos semanais con entrega por correo electrónico ou aula virtual, nos prazos establecidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Utilización de medios electrónicos (aula virtual, teléfonos móbiles, etc.) para explicación das tarefas.</p> <p>Utilización do correo electrónico ou aula virtual para envío, recepción das tarefas, seguimento dos traballos, correccións das tarefas e comunicación co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Documentos en word e en PDF coas tarefas (de xeito telemático e ou en papel) - Enlaces a vídeos na rede, enlaces a vídeos explicativos. - Actividades de exercicio adaptado a sitios pequenos para realizar na casa. - Ordenador con conexión a rede. - Correo electrónico. - Aula virtual. - Teléfono móbil.

Semipresencial:

Envío das tarefas por medios dixitais, para que o alumnado que nesa sesión non estea presente por motivos do confinamento, poida levalas a cabo no seu fogar, na medida dos espazos dos que dispoña e do que a súa saúde lle permita.

No caso de que o alumno non poida seguir a ensinanza telemática, facilitaráselle as tarefas en papel e este terá que entregalas igualmente en papel nos prazos establecidos. Posibilidade de empregar o servizo de correo postal para manter a comunicación.

Ante o peche de aulas ou do centro, continuarase a docencia no horario establecido ao inicio do curso para cada grupo. Esta continuación seguirá o establecido nos puntos precedentes.

20.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Do mesmo xeito, a educación física, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Seguindo o exposto polo profesor Arturo González Segura no seu artigo “La educación en valores a través de la educación física y el deporte”,

destacamos que a educación non é neutra, polo tanto a conduta do profesor inflúe na formación integral do alumno e no seu futuro comportamento.

Algunhas consideracións para o equipo docente nesta área:

- Permitir que o grupo progrese cara a competición cooperativa, axudando na posta en práctica dos contidos procedimentais.
- Facilitar o coñecemento, a comprensión e o análise dos elementos socio - afectivos que poden frear o avance do grupo, como por exemplo, a competencia entre pandillas e a agresividade
- Evitar o establecemento de diferenzas entre los hábiles e os menos hábiles.
- Considerar que a E.F. e o deporte, tanto escolar como extracurricular, son hábitos saudables e que deben situarse como hábitos ou condutas habituais, incluíndoos dentro do estilo de vida
- Prestar atención non so ao resultado, tamén ao proceso de aprendizaxe.
- Concienciarse de que as expectativas que o docente ten sobre o alumnado influirán sobre o alumnado.
- Evitarase a transmisión sistemática de valores, promovendo a reflexión, xa que na vida os mozos deberán elixir, valorar por si mesmos, e deberán orientarse de forma acertada tanto na súa vida persoal, como social.
- Conseguir que o alumnado vexa as sesións da nosa área non coma un medio de demostrar superioridade sobre os demais, evitando que a agresividade sexa unha cualidade valorada. Non obstante, as condutas agresivas (que aparecen ao querer demostrar esa superioridade) son un medio de poder, de acadar un maior nivel xerárquico no grupo.
- Evitar que a competición se equipare con superioridade, xa que non son poucos os que consideran a vitoria dependente do fracaso de outros.
- Axudar a superar o antagonismo competición e cooperación, a partires do respecto tanto dos compañeiros como da normativa do xogo, é como se acadará unha plena satisfacción e se conseguirá que o xogo teña sentido.
- Creatividade fronte estruturas de xogo que imitan os valores dunha sociedade competitiva como a nosa, proporcionando máis actividades cooperativas que competitivas
- Comentar en clase as incidencias acaecidas nos grandes espectáculos deportivos e reflexionar acerca da repercusión que éstos teñen nos

medios de comunicación e a súa influencia sobre a poboación.

- As clases serán o lugar axeitado para fomentar a colaboración e solidariedade, respectando non só a opinión do resto, senón tamén os diferentes niveis de habilidade existentes.
- Evitar prantexamentos que favorezan ou permitan calquera tipo de discriminación, xa sexa sexista, racial ou física. Para elo será necesario considerar os contidos tipicamente femininos a un mesmo nivel que os masculinos. Non esquezamos que a educación mixta supuxo a supresión do feminino, como forma de acabar con esa discriminación, universalizando o modelo masculino.
- Actuar con coherencia, como xa se comentou, evitando, por exemplo, ser intransixentes nun momento e permisivos noutro para a mesma situación. Xa que, en os alumnos e deportistas necesitan un código de conduta ao que aterse, e este debe ter certa coherencia.
- Evitar a infracción das normas, que por outro lado serán definidas con claridade e coa suficiente flexibilidade de acordo ao nivel do grupo.

Traballaremos tamén:

Educación do consumidor/a: levaremos a cabo a construción de implementos por medio de material de desfeito e/ou reciclado.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: as diferenzas biolóxicas que existen entre os sexos non son razóns para a marxinación. O coñecemento mutuo que se leva a cabo nas manifestacións motrices servirá para respectar as características individuais.

Educación para a paz: entendemos a oposición como unha estratexia e non como unha actitude fronte aos demais. A tolerancia e a deportividade no xogo son actitudes moi favorables na educación para a paz.

Educación moral e cívica: É o eixo referencial en torno ao cal articúlase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.

Educación ambiental: os alumnos deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.

Educación para a saúde e calidade de vida: na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.

Educación para o lecer: Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.

Educación viaria: O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

21.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

- Saída patinaxe en xeo para 1º e 2º de ESO
- Torneos deportivos intercentros para os alumnos de ESO
- Recreos deportivos para todo o alumnado do centro.

22.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

O profesorado, mediante a reflexión, avaliará nas sesións de avaliación, e ou nas reunións de departamento, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos xerais e co desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos elementos que forman o currículo coas características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación didáctica e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- e) A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra. Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes. Tamén serán recollidos nas actas de departamento.

A partir da reflexión acerca destas cuestións, poderemos planificar mellor a programación do seguinte ano co obxectivo de mellorar a nosa práctica docente.

Ponteareas, 7 de setembro de 2022

Asdo. Fernando Rama González

Asdo. M^a. Laura Vieites Castro

Xefe do departamento